

# Antolín Faraldo, un precursor do feminismo galego

HENRIQUE DEL RÍO OTERO\*

*Que se fixo guieiro e profecía  
en Antolín Faraldo e Rosalía  
Manuel María<sup>1</sup>*

## Resumo

Achega ás ideas profeministas de Antolín Faraldo (Betanzos, 1822—Granada, 1843), principal figura do movemento provincialista, ideólogo da Revolución galega de 1846 e secretario da Xunta Superior de Galicia, e posteriormente desterrado, precursor do Rexurdimento e do nacionalismo galego.

## Abstract

Approach to Antolín Faraldo's proto-feminist thought (Betanzos, 1822-Granada, 1843), main figure of the provincialist movement, ideologue of the Galician Revolution of 1846 and Secretary of the Superior Council of Galicia, and later banished, precursor of the Resurgence and Galician nationalism.

## 1- O porvir, todo o futuro

Sabemos que Antolín Faraldo Asorey (Betanzos, 1822-Granada, 1843) nace na parroquia betanceira do Azougue<sup>2</sup>, e foi o terceiro fillo do escribán absolutista Feliciano Vicente Faraldo—oriúndo da parroquia de Tiobre e bautizado no santuario dos Remedios, así que probábel veciño da Ponte Vella—e de Francisca Asorey Canda, procedente dunha familia fidalga e relativamente acomodada<sup>3</sup>.

A adhesión á causa reaccionaria do pai fai que tanto o domicilio como a capacidade adquisitiva da familia flutúe, desde a deportación ás Canarias de 1821, pasando pola obtención da escribanía no Hospital Real de Santiago tras a restauración do absolutismo e rematando co confinamento en Betanzos e a perda da escribanía, co resultado de pasaren verdadeiras estreitez económicas no treito final da súa vida por participar en conspiracións absolutistas.

Este contexto condicionará os primeiros anos e a educación recibida tanto por Antolín Faraldo como polos seus irmáns. Co traslado do pai a Santiago, os Faraldo estudan e participan no ambiente universitario compostelán, onde mesmo terán que presentar solicitude de matrícula na modalidade reservada ás persoas sen recursos para algún dos cursos, a causa das penurias económicas que a filiación absolutista do pai provoca no fogar familiar.



Retrato de Antolín Faraldo, debuxo exposto en Buenos Aires en 1954 (sacado da publicación de Rodolfo Prada).

\***Henrique del Río Otero** (Betanzos, 1982) é licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela.

Os tres irmáns Faraldo participan da fundación e dos debates da Academia Literaria ao tempo que Antolín estuda Filosofía e logo recibe a titulación de Bacharel en Medicina, José licénciase en Leis e Tiburcio, o maior, en Medicina, aínda que acabará desenvolvendo carreira diplomática.

Neste ambiente Antolín Faraldo coñece e trata as persoas como Pío Terrazo, Neira Mosquera, Rúa Figueroa e moitos outros que compoñerán a xeración de 1846, a do Provincialismo, e a integrantes da xeración posterior, a de 1856 (a do Banquete de Conxo e o Rexurdimento pleno) como Benito Vicetto ou Francisco Añón. Tamén coñecerá neste tempo a Ramón de la Sagra<sup>4</sup>- que ten unha grande influencia sobre o betanceiro e sobre toda a xeración provincialista.

Ao tempo, Faraldo participa na fundación da Deputación Arqueolóxica e estuda a historia galega e a teoría política contemporánea. A claridade dos seus polémicos artigos e a súa transcendencia neste intre fáino merecedor de ser obxecto de recoñecemento por entidades do puxante movemento provincialista catalán, co recoñecemento mesmo do propio Víctor Balaguer, que pasa por ser o artífice da súa Renaixença.

Será neste ambiente onde tome contacto co xornalismo, coa colaboración na publicación desa Academia Literaria, *El Idólatra de Galicia*. De alí salta logo a *El Recreo Compostelano*, saíndo así á luz, se antes non o fixera en círculos máis íntimos, esa prosa con «alma de lume» de Antolín Faraldo, que irá pulindo conceptos e matizando o seu ideario ao longo de cabeceiras e unha presa de anos e vivencias. Despois pasará a *La Situación de Galicia* onde xa reflexiona sobre Galiza e os seus problemas e vai pulindo o ideario progresista e galeguista e remata en *El Porvenir*, onde baixo a divisa “Todo por Galicia” remata xa de definir o proxecto político nidiamente galego e democrático, a Grande Obra. O xornal será pechado por orde gubernativa ao espallar «doctrinas sediciosas» segundo recolle a propia orde de censura.



Cabezallo de El Porvenir do 2 de agosto de 1845.

Así, cando se produce o pronunciamento de Solís e o movemento provincialista o transforma na revolución galega, será a pluma de Faraldo quen condense o ideario da xeración provincialista na célebre proclama da Xunta Superior. Para a prensa madrileña, non hai dúbida de que esta «constitución galega»—como tratan de ridiculizar a proclama—ten a letra inconfundíbel de Faraldo. E ten.

Coa derrota en Cacheiras e San Martiño Pinario, Faraldo é condenado en rebeldía e exíliase en Portugal, onde é preso en Peniche e desde onde, en varios comunicados dirixidos á prensa, trata de aclarar os motivos do fracaso da Revolución Galega de 1846 e a honradez dos movementos dos integrantes da Xunta Superior (Pereira, 2014). Nese tempo Faraldo escribirá a crónica da Revolución Galega de 1846 para quen viviron o transo e, nomeadamente, para quen viñemos despois. Asinada por Juan do Porto mais

escrita por el, analiza o devir daquel *abril de sangue e ferro*. E como se diría hoxe, impuxo o relato daquel intre. Non se arrepiante de canto escribiu e fixo, non hai o abandono da causa de Galiza no que insisten Murguía, Vicetto e Cores (Martínez, 2022).

Amnistiado a condición de non quedar en Galiza no 1847 (Rodríguez, 2015), desembarcará en Vigo, e antes de percorrer por derradeira vez o camiño ao exilio parará no seu Betanzos natal polo San Roque<sup>5</sup>. Tal vez o motivo sexa a visita á irmá menor, Socorro, que residirá até a fin dos seus días na cidade na que logo será coñecida como Casa Mosteiro, no número dous da rúa Roldán, contigua á Casa Consistorial. Socorro será quen salve o único retrato conservado de Faraldo (Sobrino, 2020).

Tras isto moverase a diversas cidades españolas -Santander, Madrid, Granada, segundo os seus artigos en prensa e as referencias que sobre del se remiten van revelando (Rodríguez, 2015). Durante todo este tempo seguirá sufrindo a represión do goberno moderado, que continúa a pecharlle xornais e revistas e que, ao abeiro do Real Decreto do 30 de abril de 1846 que prevía que «la clase de tropa y demás individuos de otras procedencias que se asociaron a ellos para secundar la rebelión, serán destinados a servir diez años, contados desde el día en que perpetraron su delito, en el punto o puntos que se les designe», o mantén definitivamente exiliado da súa terra.

«Así caeu o primeiro e o mellor, lonxe do seu país, na indiferenza e o esquecemento dos seus» dicía Murguía. Hoxe sabemos, porén, que esa prohibición governativa para volver a Galiza non impediu que seguira a participar de actos a prol do país, nunha colecta para facer fronte á fame que mataba a centos de compatriotas e forzaba a emigración de milleiros no ano da fame, 1852-53<sup>6</sup>. No entanto, Faraldo non cesa tampouco de buscar a súa rehabilitación política e moral por parte da facción progresista, e participa en actos de apoio ao xeneral Espartero e mesmo entrevistábase persoalmente con el. Mais non o logrará: falece en Granada (Vales, 1957) o 20 de xuño de 1853. O «fugaz meteoro» tiña 30 anos.



Asento rexistral do falecemento de Antolín Faraldo no libro do Rexistro civil custodiado no arquivo municipal de Granada, segundo cal tería sido veciño da rúa do “Escudo” da parroquia de San Matías (tal vez a actual rúa do Escudo del Carmen, apenas a uns metros da igrexa parroquial de San Matías) e finado dun “tumor” o 21 de xuño de 1853 aos “28” anos. A reseña anota que era natural de Betanzos, mais tamén indica, tal vez por chegar a Granda desde alí, que a vila da súa natureza era Madrid.

Da prosa de Antolín Faraldo tense dito que peca dun certo confusionismo ideolóxico. Tal aseverou Cores Trasmonte (1971) por considerar que Faraldo cita, nos seus artigos, persoeiros e ideas diverxentes e mesmo antagónicas. Tal diagnóstico, mantido por Del Riego (1998) e recollido posteriormente tamén por Botana (1998), descansa no aluvión de citas de autoridade que Faraldo vai incorporando nos seus artigos, para avalar e apoiar os seus asertos. Unha acumulación de frases de autoridade que vai desaparecendo aos poucos, a medida que Faraldo vai asentando e clarificando as súas posicións, como ten sinalado Martínez (2022: 169-173).

Cómpre, neste momento, termos presente quen é a persoa de Antolín Faraldo na altura: un estudante duns vinte anos que é, ante todo, un activista, un mozo que escribe na prensa partidaria—a que na altura existe—prosa de combate para remover conciencias, e que ao tempo que tal fai asiste ás aulas, participa na vida intelectual da Compostela decimonónica, acode a xuntanzas políticas e intervén politicamente desde o seu coñecemento e experiencia vital. Un mozo que recolle nos seus artigos, probablemente, conclusións de debates dados, bosquejos de ideas de debates que están por vir e que matiza canto vai escribindo forzado tanto polas vivencias persoais e políticas que vai sufrindo como polo coñecemento que vai acumulando. E nese transo do Faraldo mozo ao militante maduro, esas citas que revelarían a suposta falta de consistencia ideolóxica van a menos, como se o Faraldo maduro non precisara xa da palabra de outros para soste a rotundidade das súas ideas.

Hai, con todo, outros dous matices importantes máis que facer a ese «confusionismo ideolóxico» para refutalo. O primeiro, a firmeza de tres constantes que se manteñen en toda a súa obra xornalística e que se poden rastrexar ao longo dos seus artigos léndoos de xeito cronolóxico: a idea de liberdade, o ideal mesmo do Romanticismo (esa ruptura co canon e co socialmente agardado da escrita, plasmado rotundamente no manifesto literario e político *Nuestra bandera literaria*) e Galiza (en tanto que comunidade política diferenciada con dereito a decidir por si mesma). Calquera delas, ou as tres por xunto, ideas presentes nos artigos do betanceiro practicamente desde as primeiras liñas en *El Idólatra de Galicia*.

E o segundo matiz, non por isto menos importante: Faraldo aborda temas ideoloxicamente espiñentos e pouco pacíficos na altura, e posiciónase con rotundidade aínda que os bosquexe apenas nun par de liñas: anticipa os debates arredor do feminismo e a igualdade, refuta a pena de morte, sinala o suicidio como consecuencia do modelo de vida imposto polo sistema... Só unha persoa que tiver meridianamente claras ideoloxicamente estas cuestións se lanzaría na altura a soste posicionamentos públicos tan contrarios ao paradigma sociocultural imperante, ao punto de ter enfrontado directamente o poder da mitra na Compostela da década dos 1840 e mesmo do Vaticano con *La Europa* dos tempos xa do exilio.

## **2.A 'emancipación das mulleres' na literatura política nos inicios da Idade Contemporánea**

A finais do século XVIII a tradición galega aínda mantén o pouso do vello dereito foral que se resiste a desaparecer fronte ao asimilacionismo da Coroa española. Esta base permite aínda, comezando o XIX, asistir á existencia a mulleres detentando e exercendo señoríos xurisdiccionais por seren cabezas de familias nobiliarias ou presenciar como oficios venalizados propiedade de algunhas mulleres son arrendados, por estas por non teren dereito a desempeñalos por si mesmas.

Neste contexto, as reflexións da Ilustración chegan ao noso país a través das

rutas comerciais da beira atlántica<sup>7</sup> e os intelectuais galegos comezan—como noutras latitudes— a cuestionar a escasa formación que se lles ofrece ás mulleres. No noso país serán nomeadamente o Padre Feijóo e mais Vicente do Seixo quen cuestionen que se fure instrución ás mulleres.

O primeiro, cronoloxicamente, será o bieito. No seu *Teatro Crítico Universal*, no seu libro 16 titulado, precisamente, *Defensa de las mujeres* afirma dunha maneira inédita na altura que:

«Estes discursos contra as mulleres son de homes superficiais. Ven que polo común non saben senon aqueles oficios caseiros a que están destinadas, e de aquí infiren (aínda sen saber que o infiren de aquí, pois non fan sobre isto algún acto reflexo) que non son capaces doutra cousa. O máis curto lóxico sabe que da carencia do acto á carencia da potencia non vale a ilación; e así, de que as mulleres non saiban máis, non se infire que non teñan talento para máis»

E remata por concluír, rotundo: «saiban, pois, as mulleres, que non son no coñecemento inferiores aos homes». Este discurso, veremos, seduce a Antolín Faraldo.

O ourensán Vicente do Seixo seguirao, algunhas décadas despois, co seu *Discurso Filosófico y Económico Político sobre la capacidad o incapacidad de las mujeres para las ciencias y las artes*. Novamente vemos como, nunhas ideas do máis avanzado do momento (Barreiro, 1997), do Seixo reivindica a igualdade intelectual, moral e social dos dous sexos— aínda non está definido o concepto de xénero— e atribúe a diferenza entre ambos ás diferenzas na educación: «...homes, desenganádevos, a muller é igual a vós, a súa organización máis fina e delicada enxendra iguais sentimentos, o seu destino sácaa fóra dos exercicios varonís, pero non a exclúe absolutamente deles...»

Nesta xeira de pensamento que outorga un papel fundamental á educación das mulleres como vía cara a igualdade atoparemos as figuras senlleiras de Juana de Vega—contemporánea de Antolín Faraldo— e mesmo de Concepción Arenal. Mais cronoloxicamente entre os dous galegos hai que situar a Olympe de Gouges, quen, ao fio das reflexións da Ilustración e a súa plasmación na Revolución Francesa, dáse por sentado que inaugura o feminismo coa súa *Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá Muller* de 1791.

Reclámase coa *Declaración* esa igualdade que a Revolución non garante, a igualdade plena de homes e mulleres en todos os aspectos da vida pública e privada: participación política e sufraxio, posesión de propiedades, dereito á educación, igualdade fiscal... Olympe resumiu esta igualdade radical coa mellor imaxe posíbel na Francia do Terror: «se a muller pode subir ao cadalso, tamén deberíasele recoñecer o dereito a poder subir á Tribuna». A idea—e mesmo a imaxe—traspasa décadas e fronteiras e volveremos atopala nos escritos de Concepción Arenal (Pernas, 2011: 167-170).

«Esta revolución só terá efecto cando todas as mulleres sexan plenamente conscientes da súa condición deplorable, e dos dereitos que perderon na sociedade» senta na *Declaración* e vai ampliando os seus artigos, para escribir por vez primeira na época contemporánea como «todos os cidadáns, incluídos as mulleres son igualmente admisibles a todas as dignidades públicas, oficinas e empregos, conforme á súa capacidade, e sen outra distinción que a das súas virtudes e talentos». Non por acaso, se ten dito (Manzanera, 2010) que a *Declaración* de Gouges «pretendía acadar o universalismo que debeu contemplar, desde un principio, a *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán*».

O ideal do “anxo do fogar” que o liberalismo lle reserva ás mulleres acaba por colisionar definitivamente cos proxectos igualitarios que xorden ao longo das primeiras décadas do século XIX, desde os socialismos utópicos ao marxismo, non porque sexan necesariamente feministas, senón porque non se entendería un proxecto emancipador que deixe fóra á metade da poboación (de Miguel, 2010).

Un dos socialistas utópicos que máis avanza nesta liña é Charles Fourier (Pro 2015). Na súa Teoría de los *cuatro movimientos* advirte que:

«A harmonía non cometerá a parvada de excluír ás mulleres da medicina e do ensino, para reducilas á costura e ao pucheiro. Saberá que a natureza outorga en porcións iguais aos dous sexos as aptitudes para as ciencias e as artes. Por iso os filósofos, que queren tiranicamente excluír a un sexo de determinado traballo, son comparábeis a estes malos colonos das Antillas que, despois de ter embrutecido con suplicios aos seus negros, xa embrutecidos pola educación bárbara, sosteñen que estes negros non están ao nivel da especie humana. A opinión dos filósofos sobre as mulleres é tan xusta como a dos colonos sobre os negros».

Parágrafos coma este e outros teñen merecido que, sobre o pensamento de Fourier, Friederich Engels chegase a apuntar que «el foi o primeiro en dicir que en calquera sociedade o grao de emancipación da muller é o criterio natural da emancipación xeral».

Así, no seu modelo ideal de sociedade, os falansterios, Fourier proxecta que as mulleres contén con liberdade sexual e independencia económica, e que tanto nenos coma nenas fosen educados en igualdade. O grao de liberdade con que contén as mulleres nunha sociedade será, neste sentido, o mellor indicador do grao de liberdade e civilización desa sociedade. Porque, como escribiu, «os cambios históricos acontecen grazas ao progreso das mulleres cara a liberdade».

Estas dúas tradicións conflúen no escritorio de Antolín Faraldo e deste xeito, a través da xeración dos Precusores da que Antolín Faraldo foi «o primeiro e o mellor» o tema da igualdade pasa á seguinte xeración, onde xa hai unha figura plenamente feminista no Rexurdimento galego. Rosalía de Castro tocará os temas da igualdade, o papel da muller como escritora, o matrimonio, a subordinación de mulleres a homes... supoñendo a primeira feminista de Galiza (García Negro, 2013).

### **3. Emancipar as persoas para emancipar un país**

A Grande Obra que persegue a xeración de 1846 e o propio Antolín Faraldo é a «emancipación galega», a «reforma do país que nos deu a vida e que tantos elementos atesoura para ser grande<sup>8</sup>». E esta pasa por que o país volva mirar o tempo en que foi dono de si, sexa capaz de crear oportunidades para os seus e condicione a «balanza en que pesan os destinos de España». Pór por diante os intereses do país e ordenar «todos os elementos sociais, políticos, literarios, comerciais, industriais e instintivos das catro provincias unidas que forman o antigo Reino de Galiza» en palabras do betanceiro.

Esa Grande Obra constrúese a través de varios elementos: o engarce de Galiza no proxecto do estado español, o recoñecemento de Galiza como país e o seu dereito a decidir, a implicación da mocidade e a liberdade, alicerzados sobre o espírito relixioso e a consciencia da historia de Galiza.



Plano das Mariñas, por Domingo Fontán. Faraldo loubará a súa Carta Xeométrica- o primeiro mapa elaborado con criterios científicos no estado español-como un exemplo das capacidades de Galiza. (Galiciana, <http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=6606>)

Da reivindicación de Galiza como unha única provincia no Estado que o réxime moderado intenta construír—coa vontade explícita de acabar coas identidades nacionais preexistentes que se expresaran no pasado nos «vellos reinos»—Faraldo pasa á reivindicación do país como tal. Parte dos tempos prerromanos, adoptando a tese do celtismo que nesa época propugna Vereia Aguiar—ao que coñecerá a través da Deputación Arqueolóxica—, e, sobre todo, o reino suevo, como os períodos en que o país foi realmente dono de si para proxectar, desde a Historia, a capacidade de Galiza para gobernarse de seu. Esta visión historicista, porén, non renega da actualidade, senón que tamén se apoia nos logros científicos do tempo presente<sup>9</sup> para defender a capacidade do país.

Faraldo chega á conclusión de que Galiza precisa gobernarse por si mesma porque o estado-nación que o proxecto liberal español está a impulsar, baseado no centralismo, no ideal liberal de progreso mediante acumulación de riqueza e, consecuencia dos anteriores, nunha relación económica de corte colonial, non resolve os seus problemas. Ao revés, ténsaos máis, converte a Galiza en «colonia da Corte» para servir á «impúdica Babilonia» que é o centralismo madrileño. Fronte a isto, Faraldo evoca o Reino galego e, por momentos, tenta acomodar Galiza como unha única provincia dentro do réxime español facendo ver as súas simpatías co incipiente republicanismo federal.

Nestas reflexións, o betanceiro refírese ao país con distintos termos (provincia,

patria, nación e nacionalidade), que desde unha óptica actual poderían levar a pensar que non ter claro que tipo de suxeito político identifica no pobo galego. Hai dous detalles que nos poden doadamente indicar o contrario. O primeiro, identifica como un problema á hora de vertebrar este país que pretende construír no localismo: «Sempre cidade, nunca patria, xamais nación» láíase ao constatar que, na altura—e ben despois aínda—para moitos compatriotas Galiza remataba onde a parroquia natal dá paso á seguinte, que dixeran tamén Castelao.

E o segundo, que as constantes referencias ao antigo reino svevo e mais as comparacións con estados europeos referenciais na época ou cos procesos que na altura están a vivir Irlanda ou Polonia amosan a súa intencionalidade. Resulta evidente que Faraldo tiña clara a entidade nacional de Galiza e o carácter soberanista da súa proposta, aínda con toda a inxenuidade que se queira ver nos seus artigos e malia o que se ten chamado «imperativo do dobre patriotismo» (Fradera, 1999). Non é casual, «non queremos ser máis que galegos».

Os actores para emancipar o país serán dous: mocidade e pobo. A primeira, interpelada directamente nos seus artigos, como actor colectivo chamado a espallar o ideario provincialista e a implicarse directamente para lograr a Grande Obra. O conxunto da xuventude do país (sen exclusións), «a mocidade dos liceos e as barricadas», «a das cátedras e a dos talleres» está convocada a esta Grande Obra. A mocidade para Faraldo é un actor político colectivo, porque, en liña coas teses do socialismo utópico, entende que o individualismo<sup>10</sup> é un dos males que impiden o progreso do país.

A dos «talleres»—mocidade traballadora pero urbana—enlaza o proxecto da Grande Obra co seu destinatario e beneficiario principal: o pobo, a maioría social. «Esa clase sinxela que traballa» á que alude Faraldo é quen padece as consecuencias do centralismo—que provoca que sexan escravos e non cidadáns—e resultará a principal beneficiaria da Grande Obra.

Nas alusións a ese pobo, Faraldo deslígase da masa principal de traballadores da Galiza daquel tempo: os labregos. Ademais da falta de comunicacións, para Faraldo é unha pexa o carácter agrario de boa parte de Galiza<sup>11</sup>, que induce, por illamento, ao individualismo. Faraldo pensa que só nun ambiente cidadán ou vilego pode haber a vida intelectual que facilita a instrución da poboación e o paso de escravos a cidadáns.

O medio para ofrecer instrución a ambos actores colectivos, pobo e mocidade, será a prensa. Unha prensa provincialista que Faraldo non cansa de repetir nos sucesivos xornais en que escribe, ofrece a prezos populares. O de Gutemberg é un dos nomes máis repetidos nos artigos de Antolín, consciente do poder da imprenta como axente para modificar hábitos culturais e difundir alternativas á orde establecida.

A intencionalidade é clara, espallar a prosa provincialista o máximo que se poida, aproveitando a lectura en grupo que se dá neste momento e cafés e xuntoiros urbanos, para sortear os atrancos que poida haber no acceso á letra impresa, sexan por carecer de instrución ou poder adquisitivo. Faraldo xa intúe que a prensa é o «cuarto poder» que se dirá case un século despois: dirá que a prensa é o «novo poder da nosa época» e, sobre todo, «o anxo tutelar da nosa liberdade».

Así aparece tamén a fe na letra impresa como vehículo para ideas de progreso, a idea de que a educación é ferramenta de progreso social. Non por acaso no programa provincialista—a idea asomará nalgún artigo de Faraldo e tamén na *Proclama* da Xunta Superior—figura a reforma da educación e da Universidade compostelá, onde Faraldo



sostiña tamén unha agre disputa coa visión máis inmovilista da docencia. Será o coñecemento, a cultura en sentido amplo, quen transforme ao pobo galego de escravos en *ciudadáns* para acadar a *emancipación galega*.

Así, fala de como quen ten na súa man o liderado político e intelectual de Galiza deben fomentar a «sede de instrución». Acha que é «necesario popularizar os coñecementos elementais» e facer do «desexo de melloras» unha necesidade do pobo e define como «obxectos preferentes a instrución primaria e a intermedia» porque portan o «xermolo de cidadáns virtuosos», en definitiva poñer o coñecemento, a cultura en sentido amplo, ao alcance de todas as persoas. Esa mesma cultura que emancipa ao pobo, converténdoo en cidadáns grazas á liberdade<sup>12</sup> que a formación outorga.

#### 4. O profeminismo en Antolín Faraldo

Comeza 1842. O xornal quincenal *El Recreo Compostelano*, que imprime a Imprenta y Litografía de J. Núñez Castaño, publica no seu número 3, do 11 de febreiro, a continuación dun artigo sobre o ilustrado frei Benito Jerónimo Feijóo que abrira en números anteriores Antolín Faraldo. O traballo, que segundo o título aborda o espírito filosófico e influencia na «civilización» española da obra do bieito, inclúe un parágrafo nada convencional para a época:

«Onde manifesta máis o avanzado do seu pensamento e a súa tendencia revolucionaria é cando coa calor da convicción e cunha filosofía elevada defende a causa sublime das mulleres. El estudou o pasado e o presente, a natureza e o home, o individuo e a sociedade, e logo adiántase a predicar unha verdade incomprensíbel a todo o século XVIII e di—as mulleres son escravas, a súa liberdade e os seus dereitos fóronlles arrebatados, a verdadeira civilización debe emancipalas—. Se a *profetisa das mulleres libres*<sup>13</sup> tivese lido a Feijóo, ela bendiciría a súa memoria».

Faraldo retoma a tradición ilustrada e actualízaa: as mulleres teñen dereito a ser libres, teñen dereitos por si propias, deben recuperalos e, recollendo unha idea presente en Fourier, advirte que só hai civilización se as mulleres están emancipadas. En palabras de hoxe, a civilización é feminista ou non é tal. Di máis: defender os dereitos plenos das mulleres é unha «causa sublime».

É toda unha declaración programática. Faraldo, que aínda non ten 20 anos, insistirá no tema. En Nadal de 1842 a Academia Literaria publica unha recensión dos traballos dos seus socios durante ese ano (Martínez, 2022: 70-71). Entre a cantidade de cuestións propostas por Antolín Faraldo figura como proposta para o debate o tema «esclavas aún las mujeres, la filosofía del siglo XIX debe proclamar su emancipación». Ademais dunha «causa sublime», agora a igualdade é un deber para o pensamento filosófico- e a teoría política- contemporáneo.

Para Faraldo esta é unha tarefa urxente para o país porque, precisamente, cando Galiza era soberana esta era a orde natural das cousas. Así o asegura ao reflexionar sobre como era o noso país antes da romanización, nas páxinas de *El Recreo Compostelano*, no seu quinto número, o 11 de marzo de 1842. Asegura que Galiza «tiña dado un grande paso a sociedade céltica na súa organización política, tomando parte as mulleres nas discusións e asembleas e estando unidas as cidades con lazos de cariño e fraternidade, pois formaban unha verdadeira nación federal».

Tal acontecía, segundo explica Faraldo nese mesmo artigo, porque «a organización

social de Galiza antes da invasión romana elevárase a unha altura verdadeiramente grande, na que as artes, as ciencias, a relixión e a moral eran outras tantas bases do edificio político».

Máis unha vez Faraldo parte do estudo da Historia para esbozar as solucións aos problemas presentes do país. E novamente ecoa Fourier<sup>14</sup> neste parágrafo: a civilización é elevada porque as mulleres participan nas asembleas en igualdade cos homes. A rotundidade de tal argumento, tan explicitamente enunciado, á altura de 1842 e nun contexto onde ás mulleres o paradigma imperante as relega a ser o «anxo do fogar» terían que ser, como pouco, controvertidas.

Aínda volverá, nestes termos, á cuestión xa nas páxinas de *El Porvenir* (no seu número 14, correspondente ao 28 de agosto de 1845) onde, a conta da colaboración de Faraldo no xornal *El vergel de Andalucía*, que se publicará en Córdoba «dedicado al bello seso» anuncia que: «Convidado o noso amigo Faraldo pola súa bela directora, a señorita *Adela García*, para tomar parte na redacción da revista cordobesa, consagraranse el e Rúa Figueroa a defender a EMANCIPACIÓN COMPLETA DAS MULLERES; como un dos artigos do noso catecismo social».

Faraldo na altura non o sabe, pero será o derradeiro número do xornal que dirixe, e está a pechalo—por outros motivos—declarando parte irrenunciábel do seu «catecismo social» a cuestión da igualdade.

Está a recuperar neste momento unha idea que tamén expuxera a finais de 1842 (no quinto número, correspondente ao 9 de novembro) a través do seu seudónimo *Abenhumeya*. Foi nas páxinas de *La Situación de Galicia*, que editaba en Santiago Pío Rodríguez Terrazo, onde Faraldo advirte do carácter inclusivo dos discursos—el fala de filosofía—emancipadores: «os doctrinarios que fixeron as revolucións, todos os apóstolos dos séculos, eses anxos baixados do ceo nos días de pranto no mundo, esqueceron ao home, a muller, o individuo e só creron na humanidade que era o seu todo e o seu universo;...»

Neste parágrafo de *Abenhumeya* Antolín Faraldo dá a clave do seu proxecto emancipador («catecismo social» chamáralle en 1845): el tamén esquece o individuo e dirixe o seu discurso, como vén de dicirse, ao conxunto do pobo. É o pobo, coa mocidade como vector impulsor, quen ten que pasar de *escravo a cidadán* para cumprir coa *Grande Obra*. Fica xa perfectamente definido o marco en que Faraldo move a súa «emancipación galega» e a cuestión da igualdade opera plenamente nel como un elemento esencial. A partir de aí, o apelo a suxeitos colectivos semella, pois, ir nesta liña. Faraldo fala de «pobo», «mocidade», «clase que traballa» nos seus chamados para transformar o país.

Porén, son, por exemplo, «os homes do poder<sup>15</sup>» quen coutan o acceso á formación para todas as persoas. Faraldo singulariza deliberadamente quen impide esa autodeterminación das persoas: son «homes do poder», que pretenden manter o *status quo* que, por unha banda, relega ao país a «colonia da Corte» e, por outra, impide ser cidadás a todas as persoas, porque non hai «civilización» ao non estar «emancipadas» as mulleres.

A coherencia entre as ideas que Faraldo plasmaba nos seus artigos e a súa actuación persoal directa vese tamén, como no seu compromiso co país, neste caso. Nun tempo no que escribir e publicar as mulleres aínda é tabú<sup>16</sup>, cando ten ocasión de elixir colaboradores no xornal que dirixe, Antolín Faraldo abre as páxinas de *El Porvenir* á escritora Carolina Coronado (Pereira, 2016).


Se era era impensábel un movemento social que buscase a *emancipación galega sen emancipar as mulleres*, estas teñen que ter posibilidade tamén de se dirixir a ese pobo a emancipar. Ese é o fardel que Faraldo lega ás xeracións vindeiras: en termos contemporáneos diríamos que a igualdade actúa como prerequisite para poder autodeterminarse o país.



Esta placa, de bronce, foi instalada na sede do Centro Betanzos nunha homenaxe aos Mártires da Liberdade celebrada o sábado 29 de abril de 1951, no seu 104 cabodano. Esculpida por Domingo Maza, contaba cunha Liberdade e a lenda “Carral. Galiza mantén alcendida a idea procamada polo esgrevio betanceiro ANTOLÍN FARALDO mentras custodia a gaita que ten que tocar o hino da súa liberdade. Homenaxe das sociedades betanceiras aos Mártires de Carral”. Trátase do primeiro monumento de homenaxe a Antolín Faraldo. Perdeuse en 1989 co cambio á actual sede do Centro Betanzos. Foi publicada en *Betanzos: Publicación oficial del “Centro Cultural Betanzos” y portavoz de la Colonia Brigantina*, nº 45, ano XLV, 1951.



Monumento a Antolín Faraldo, ao pé da Ponte Vella de Betanzos.



Sinatura de Antolín Faraldo, nunha das solicitudes presentadas na Universidade (Cores, 1971).

## NOTAS

<sup>1</sup> O poeta Manuel María ten dedicado varias composicións á figura de Antolín Faraldo. Estes versos que funcionan como introdución do artigo correspóndense á adaptación que fixo o grupo *A Quenlla (Os tempos inda non, non son chegados, 1986)* dun poema publicado en *Aldraxe contra a xistra* (1973), e o título do primeiro apartado xoga tamén con outro verso do poeta de Outeiro (...»Faraldo é o porvir, todo o futuro«...) que fai parte doutro poema incluído na obra teatral *Abril de lume e ferro* dedicada, precisamente, á Revolución galega do 1846.

<sup>2</sup> Non hai anotación censual ningunha localizada que permita, de momento, afirmar que veu a primeira luz no número 1 de San Francisco, como sostén Martínez (2022). A certeza redúcese á partida bautismal da parroquia do Azogue, publicada por Vales, e á propiedade materna de dúas casas aveciñadas nesta parroquia, nas rúas de San Francisco e Sobre da Muralla (actual cruzamento das do Cristo e a Cerca).

<sup>3</sup> Ten documentado Núñez-Varela y Lendoiro (2011 e 2013) as posesións inmobiliarias da familia materna de Faraldo tanto no interior da muralla betanceira como nas monterías próximas.

<sup>4</sup> O «espírito relixioso» do que fala Antolín Faraldo como amalgama que cohesione ao pobo para realizar a «emancipación galega» e dar cumprimento á grande obra é unha achega directa da teoría de De La Sagra, como ten indicado Barreiro (1977).

<sup>5</sup> Un apunte nun xornal sitúao «en el baile que se dio en el *archivo*» durante o San Roque de 1847 e tras «una emigración de trece meses (Martínez, 2022: 136-137). O tal arquivo será o Edificio do Arquivo do Reino de Galicia, que acollerá diversas sociedades tras non ser utilizado nunca para o fin fundacional e que aínda hoxe chámase popularmente *Liceo* por unha destas entidades.

<sup>6</sup> Sobre esta terríbel fame de 1853 e as súas consecuencias no país escribirán autores do noso Rexurdimento pleno, como Xoán Manuel Pintos na súa *A Gaita Gallega*, precisamente dese ano, e a propia Rosalía de Castro, nas *Vivvas de vivos e mortos de Follas Novas*, tal e como apunta García Negro (2015: 68-70).

<sup>7</sup> A tradición de intercambio comercial—e cultural—marítimo entre o noso país e outros países atlánticos mantívose até que, coa implantación do estado centralista, é imposta unha nova relación económica como explica, por exemplo, Veiga, Manuel, 2003. *O pacto galego na construción de España, A Nosa Terra*, Vigo, p. 35-86.

<sup>8</sup> Nesta e nas seguintes citas literais de artigos do betanceiro optamos pola tradución ao galego, mantendo a sintaxe, puntuación, maiúsculas e cursivas dos orixinais.

<sup>9</sup> Así, por exemplo, nas páxinas de *El Porvenir*, Faraldo celebrará un dos tratados de economía de Manuel Colmeiro publicado en 1843 (acaso a *Economía política o principios de la ciencia de las riquezas*) no número 4 de *El Porvenir*, correspondente ao 11 de marzo de 1845 (Martínez 2022, p. 325), número que non existe na colección da Hemeroteca Virtual de Galicia *Galiciana* que consultamos. Igualmente, no mesmo *El Porvenir*, o 2 de agosto do 1845 escribirá: «podendo consultar con tanto proveito o precioso mapa, de Galiza, debido ao noso sabio paisano D. DOMINGO FONTÁN, non é até deshonroso o que por falta de protección teñamos que acudir ás cartas tan inexactas dos estranxeiros?

E tal vez a xeración actual baixará ao sepulcro sen admirar o máis grandioso presente que o Sr. FONTÁN puido facer á súa provincia!!».

<sup>10</sup> «O individualismo derramou na terra todos os males que a enloitan; o seu pé removeu todo o pasado e a súa man escribiu con sangue unha cruz de maldición na fronte do home. Buscou a vida para si e a morte para seus irmáns. Inventou guerras e destrucións (...), O EU fixo desgraciado ao mundo» censuraba nas páxinas de *El Recreo Compostelano* (n.º 20, 26/10/1842)..

<sup>11</sup> Pode pesar neste diagnóstico o nesgo ideolóxico do liberalismo progresista e o seu propio concepto do progreso das comunidades en base á acumulación de riqueza da lóxica capitalista, ou pode existir un nesgo de clase, por procederen Faraldo e os integrantes da súa xeración de extracción fidalga e ter normalizadas determinadas actitudes cara as persoas que traballaban na labranza.

<sup>12</sup> En varios dos seus artigos Faraldo insiste nesa noción de liberdade, na necesidade de autodeterminarse os individuos como prerrequisito dunha vontade de ser colectiva, dunha autodeterminación política da comunidade. Funciona como declaración programática o artigo *A liberdade como pensamento político e literario*, aparecido no número 12 de *El Recreo Compostelano* o 26 de abril de 1842 (coincidirá por un capricho do destino coa data da execución dos Mártires da Liberdade en Carral catro anos despois), que anticipa tamén o que será *Nuestra bandera literaria (El Porvenir, número 1, 3 de febreiro de 1845)*.

<sup>13</sup> Unha referencia a George Sand que atopamos, practicamente na mesma época e literalmente nos mesmos termos, nunha obra do tamén provincialista Neira de Mosquera en Burguera (2017).

<sup>14</sup> Non por acaso, a obra de Fourier protagoniza outro dos temas que Faraldo presenta ante a Academia Literaria, segundo indica Martínez (2022: 73).

<sup>15</sup> «Anheláramos que nas aulas se aprenderan os verdadeiros elementos da historia coa filosofía e criterio que merece, xa que por culpa dos homes de poder conclúen a súa carreira moitos mozos sen ter coñecemento do que pasou por detrás de si, nin das existenciais que axitaban» dirá en «Historia de Galicia» (*El Recreo Compostelano*,

n.º 1, 11/01/1842) fronte ao desexo de facer que «historiando os seus feitos, poetizando as súas tradicións e as súas lendas pretendemos demostrar aos nosos compatriotas e principalmente a esa clase sinxela que traballa, a ese pobo oprimido, o que foron os seus pais, cantas glorias tiveron, o que foron e o que poden ser: porque na historia apréndese a liberdade». Neste parágrafo sintetízase perfectamente a concepción da formación que ten Faraldo e o seu alcance universal, para todas as persoas sen exclusións.

<sup>16</sup> Serán aínda por moito tempo, como padecerá Rosalía de Castro décadas despois e ten posto de manifesto reiradamente García Negro (2013; 13-38).

## BIBLIOGRAFÍA

- ARES BOTANA Óscar (1998): *Antolín Faraldo*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- BERAMENDI GONZÁLEZ, Xusto (1999): *Proyectos gallegos para la articulación política de España*, *Revista Ayer* n.º 35, p. 147-169.
- BERAMENDI GONZÁLEZ, Xusto (2021): *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Xerais, Vigo.
- BERAMENDI GONZÁLEZ, Xusto (2021): *175 anos dos Mártires de Carral*. Fundación Galiza Sempre, 2021, Santiago de Compostela.
- CORES TRASMONTA, Baldomero et alii (2003): Faraldo Asorey, Antolín. En *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo, 16, 139-146.
- CHAO ESPINA, Enrique (1949): *Dos hijos de Betanzos hermanados con Vivero*, *Anuario Brigantino* n.º 2, p. 64-66, Concello de Betanzos
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1998): *Antolín Faraldo, o grande soñador*. Xerais, Vigo.
- FERNÁNDEZ TEIXEIRO, Manuel María (2016): *Abril de lume e ferro*. Fundación Manuel María, Outeiro de Rei.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2013): *Cantares Gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*. Alvarellos, Santiago de Compostela.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2015): *No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal*. Alvarellos, Santiago de Compostela.
- FRADERA, Josep María (1999): *El proyecto liberal catalán y los imperativos del doble patriotismo*. *Revista Ayer* n.º 35, p. 87-100.
- MANZANERA, Laura (2010): *Olympe de Gouges, la cronista maldita de la Revolución Francesa*. Ed. Intervención Cultural, Barcelona.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo (2022): *Querida Libertade*. Deputación da Coruña. Alvarellos. Santiago de Compostela.
- MURGUÍA, Manuel (2004): *Los precursores*. La Voz de Galicia. Biblioteca Gallega. A Coruña.
- NÚÑEZ SOBRINO, Ángel: *Los Sobrino: datos, noticias, producciones y aportaciones (siglos XIX y XX)*, en *Anuario Brigantino* n.º 43, p. 455-480. Concello de Betanzos.
- PERNAS OROZA, Herminia (2011). *Historia das mulleres en Galicia*. Xunta de Galicia. Nigratea. Santiago de Compostela.
- PRADA, Rodolfo (2005) *Antolín Faraldo*. Edición facsimilar e estudo previo por conta da Asociación Cultural Eira Vella, Betanzos.
- PRADA, Rodolfo (1946): *Lembrando a unha gloria betanceira*, Antolín Faraldo. Betanzos, revista del Centro Betanzos de Buenos Aires, n.º 41, 1946.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé et al (1999): *Textos para a historia das mulleres en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ GALDO, Carmen e María Xosé (1981): *A propósito da publicación en La Nación dunha necrolóxica de Antolín Faraldo*, Grial: revista galega de cultura, n.º 73 p. 378-384, Vigo.
- RÍO OTERO, Henrique (2022): *1822-2022. 200 Aniversario de Antolín Faraldo*. Fundación Galiza Sempre, Santiago de Compostela.
- TETTAMANCY, Florencio (2022): *A revolución gallega de 1846*. Deputación da Coruña.
- VALES VILLAMARIN, Francisco (1977): *Un significado apostólico gallego: Feliciano Vicente*

*Faraldo (1785-1842)*. Fiestas Patronales. Betanzos.

VALES VILLAMARIN, Francisco (1972): *Deshaciendo un error: Antolín Faraldo falleció en Granada Betanzos*. (Vóceros del Centro Betanzos), n.º 62. Bos Aires.

VICETTO, Benito (1875): *Semblanzas galaicas contemporáneas; Don Antolín Faraldo y Asorey*, *Revista Galaica*, n.º 19, p. 298-300.

## ARQUIVOS

-Arquivo municipal de Granada, consulta en liña de fondos.

-Familyserarch.org

## PRENSA CONSULTADA

-Galiciana, Biblioteca Virtual de Galicia: fondos de hemeroteca de *El Idólatra de Galicia*, *El Recreo Compostelano*, *La Situación de Galicia*, *El Porvenir*, *La Revolución*.

-Hemeroteca virtual da Real Academia Galega: fondos de hemeroteca de *La Situación de Galicia*, *El Idólatra de Galicia*, *El Recreo Compostelano*.

-Betanzos: *Publicación oficial del "Centro Cultural Betanzos" y portavoz de la Colonia Brigantina*, n.º 45, 1951, Bos Aires.

## PÁXINAS WEB

BARREIRO BARREIRO, Xosé Luís (1997): *Ilustración, censura e reivindicación das mulleres. Vicente do Seixo*. Censura e Ilustración. XX Aniversario da Fundación da Facultade de Filosofía e CC. da Educación. Barreiro Barreiro, Xosé Luís; Rodríguez Camarero, Luis; González Fernández, Martín (Eds.): *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela* n.º 106 [<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/11830> lectura do 26/09/2022].

BARREIRO BARREIRO, Xosé Luís (1996): *Defensa das mulleres e Ilustración. BX Feijoo* (p. 283-291) en RADL PHILIPP, Rita (Ed.): «Mujeres e institución universitaria en Occidente. Conocimiento, investigación y roles de género». Congreso Internacional Mujeres e Institución Universitaria en Occidente, Santiago de Compostela 5-7 de junio de 1996. *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela* n.º 97 [<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/8790> lectura do 01/10/2022].

BURGUERA, M. (2017): *Coronado a la sombra de Avellaneda. La reelaboración (política) de la feminidad liberal en España entre la igualdad y la diferencia (1837-1868)*. Espacio Tiempo y Forma. Serie V, Historia Contemporánea, (29), 93-127. [<https://doi.org/10.5944/etfv.29.2017.19326> lectura do 10/10/2022].

MIGUEL, Ana de. *Feminismos En 10 palabras claves sobre mujer*, de Celia Amorós. Verbo Divino, 1995 [<https://acoca2.blogs.uv.es/files/2013/12/Los-feminismos.pdf> consulta do 15/10/2022].

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2011): *Sanción de pelucas* en *Sitio web del cronista oficial de Betanzos* [<http://www.cronistadebetanzos.com/sancion-de-pelucas> lectura do 27/05/2022].

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2013): *La calle del Carral, actual rúa do Cristo*, en *Sitio web del cronista oficial de Betanzos* [<http://www.cronistadebetanzos.com/la-calle-del-carral-actual-rua-do-cristo/> lectura do 27/05/2022].

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (2014): *As derradeiras luces de Antolín Faraldo en Terra e Tempo* [<http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3439&seccion=5> lectura do 27/05/2022].

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (2014): *A desaparición de El Porvenir (1845) en Terra e Tempo* [<http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3622&seccion=4> lectura do 27/05/2022].

PRO RUIZ, Juan (2015): *Mujeres en un estado ideal: la utopía romántica del fourierismo y la historia de las emociones en Rubrica Contemporanea*, vol. 4, n.º 7 [<https://revistes.uab.cat/rubrica/article/view/v4n7-pro2> lectura do 15/10/2022].

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco (2015): *Ecos da historia patria: a revolta de 1846 e Antolín Faraldo*, en *Terra e Tempo* [<http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3920&seccion=4> lectura do 30/06/2022].